



CENTROS INTEGRADOS  
DE FORMACIÓN  
PROFESIONAL

# MOBILIDADES ERASMUS+

## PERSOAL DE CICLOS SUPERIORES

**BASES CONVOCATORIA**  
marzo a xuño de 2025

### CONSORCIO FP SUPERIOR "OURENSE-EUROPA"

- CIFP A CARBALLEIRA - MARCOS VALCARCEL
- CIFP A FARIXA
- CIFP PORTOVELLO
- I.E.S. 12 DE OUTUBRO



**Cofinanciado por  
la Unión Europea**



**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

## Dirección Xeral de Formación Profesional Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

# BASES CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE PERSOAL DE CICLOS SUPERIORES

## Convocatoria de marzo a xuño de 2025

### Consorcio FP Superior "Ourense-Europa"

CIFP A Carballeira - Marcos Valcarcel  
Praza da Lexión, s/n 32002 Ourense

Teléfono: 988788470 / [programas.internacionais.cifp.carballeira@edu.xunta.gal](mailto:programas.internacionais.cifp.carballeira@edu.xunta.gal) / [www.cifpacarballeira.gal](http://www.cifpacarballeira.gal)

CIFP A Farixa  
Rúa das Laxas, s/n 32005 Ourense

Teléfono: 988783012 / [programas.internacionais.cifp.farixa@edu.xunta.gal](mailto:programas.internacionais.cifp.farixa@edu.xunta.gal) / [www.farixa.gal](http://www.farixa.gal)

CIFP Portovello  
Rúa Luis Trabazos, 1 Ourense CP 32004 Ourense

Teléfono. 988788903 / [programas.internacionais.cifp.portovello@edu.xunta.gal](mailto:programas.internacionais.cifp.portovello@edu.xunta.gal) / [www.cifpportovello.gal](http://www.cifpportovello.gal)

I.E.S. 12 de Outubro  
Av. de Santiago, 2 32001 Ourense

Teléfono: 988788211 / [programas.internacionais.ies.12.outubro@edu.xunta.gal](mailto:programas.internacionais.ies.12.outubro@edu.xunta.gal) / [www.12outubro.gal](http://www.12outubro.gal)

# 1 Presentación

---

O Consorcio FP Superior Ourense-Europa abre unha convocatoria para asignar oito (8) bolsas de mobilidade para persoal de ciclos superiores nos Centros pertencentes a dito Consorcio, de acordo ao seguinte reparto acordado en reunión do Consorcio do 28 de febreiro de 2025:

- 8 Mobilidades de formación EN países asociados ao Programa Erasmus+:
  - CIFP A Carballeira – Marcos Valcarcel: 2 mobilidade
  - CIFP A Farixa: 2 mobilidade
  - CIFP Portovello: 2 mobilidade
  - IES 12 de Outubro: 2 mobilidade
- As solicitudes de mobilidades de formación en terceiros países non asociados ao Programa Erasmus+ deberán contar coa aprobación do Consorcio, ata un máximo de 2

Estes fondos proceden do proxecto Erasmus nº 2023-1-ES01-KA131-HED-000120644 relativo á acción clave (KA1) de Mobilidade de persoal para formación de Educación Superior, concedidos pola Axencia Nacional (SEPIE) en España, e que están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

**Mobilidade de formación:** consiste na realización dunha mobilidade de cinco días en empresas ou entidades relacionadas cos estudos das familias profesionais ofertadas nos diferentes centros. A súa finalidade é proporcionar aos beneficiarios a oportunidade de ter unha experiencia formativa no estranxeiro que axude a mellorar a súa labor docente.

O Consorcio FP Superior Ourense-Europa asesorará en todo o proceso ao persoal a través do seu Centro de Ensino.

# 2 Aspectos Xerais

---

## 2.1 Obxectivo

As mobilidades de persoal deben estar dedicadas a formación en competencias relacionadas con deseño pedagóxico curricular.

## 2.2 Persoas Beneficiarias

Persoal docente ou de coordinacións, membros do equipo directivo e persoal do centro implicado no desenvolvemento das ensinanzas relativas aos Ciclos Superiores de cada centro, con contrato no curso 2024-2025, durante o período de solicitude e de realización da mobilidade.

## 2.3 Lugar de desenvolvemento da mobilidade:

Poderanse realizar as mobilidades, dependendo da modalidade solicitada:

- en países asociados ao Programa Erasmus+
- en terceiros países non asociados

Para consultar a lista de países completa pódese acudir á [Guía do programa Erasmus+](#)

## 3 Período de realización e Duración

### 3.1 Período

A Mobilidade se desenvolverá no período entre o 1 de abril e o 30 de xuño de 2025 sempre baixo a aprobación da dirección do centro.

### 3.2 Duración

Ata 5 días, máis 2 días de viaxe (ou ata 4 no caso de viaxe ecolóxica)

## 4 Achegas económicas para o persoal

### 4.1 Viaxe

Contribución aos gastos de viaxe de persoal baseada na distancia entre o seu lugar de traballo e o lugar no que se desenvolve a actividade correspondente, segundo o que se indica a continuación:

Distancias	Viaxe estándar - Importe	Viaxe ecolóxico - importe
entre 0 e 99 KM:	23 EUR por participante	
entre 100 e 499 KM:	180 EUR por participante	210 EUR por participante
entre 500 e 1999 KM:	275 EUR por participante	320 EUR por participante
entre 2000 e 2999 KM:	360 EUR por participante	410 EUR por participante
entre 3000 e 3999 KM:	530 EUR por participante	610 EUR por participante
entre 4000 e 7999 KM:	820 EUR por participante	
8000 KM ou máis:	1500 EUR por participante	

A "distancia de viaxe" representa a distancia entre o lugar de orixe e o da realización da actividade, calculada segundo o instrumento oficial de medición do programa Erasmus+ ([Distance Calculator E+](#)) mentres que o "importe" cobre a contribución tanto para a viaxe de ida ao lugar da realización da actividade como para a viaxe de volta.

O desprazamento ecolóxico defínese como aquel que utiliza medios de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto, por exemplo o autobús, o ferrocarril ou o automóbil compartido. O avión non se pode considerar como desprazamento ecolóxico. En caso de solicitalo deberá constar no convenio correspondente.

### 4.2 Apoio individual:

As cantidades dependerán do país de destino/acollida (dependendo do grupo indicado no recadro )

	<b>Persoal de Estados membros da UE e de terceiros países asociados ao Programa E+</b>	<b>Persoal de Terceiros países non asociados ao Programa E+</b>
<b>País de acollida</b>	<b>Importe diario en EUR</b>	
Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia	120,00 €	Non procede
Terceiros países non asociados ao programa da rexión 14	120,00 €	Non procede
Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	105,00 €	160,00 €
Terceiros países non asociados ao programa da rexión 13	105,00 €	Non procede
Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía	90,00 €	Non procede
Terceiros países non asociados ao programa das rexións 1-12	180,00 €	Non procede

O persoal que realicen unha mobilidade poderá recibir ata dous días de viaxe de apoio individual adicional.

En caso de desprazamento ecolóxico nun medio de transporte sostible, os membros do persoal que realicen unha mobilidade poderán recibir ata 4 días de viaxe de apoio individual adicional.

## 5 Comisión de selección

A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión de selección que se constituirá en coa seguinte composición:

1. Presidente/a: a persoa que exerza a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
2. Vogais:
  - A persoa coordinadora de programas europeos no centro educativo.
  - Dous membros do equipo directivo do centro educativo.
3. Secretario/a: unha persoa docente do centro educativo, que actuará con voz pero sen voto.

Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.

## 6 Criterios de selección Mobilidades de Formación

Válido tanto para Mobilidades nos países asociados do programa Erasmus+ como en terceiros países

A selección do persoal docente realizarase en cada centro educativo de acordo aos seguintes criterios:

1. Antigüidade no centro educativo (máximo 4 puntos).
  - Destino provisional: 1 punto.
  - Menos de 2 anos con destino definitivo: 2 puntos.
  - Entre 2 e 4 anos con destino definitivo: 3 puntos.
  - Máis de 4 anos con destino definitivo: 4 puntos.
2. Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):
  - Certificación de nivel B1: 1 punto.
  - Certificación de nivel B2: 2 puntos.
  - Certificación de nivel C1: 3 puntos.
  - Certificación de nivel C2: 4 puntos.

3. Proxecto de mobilidade (máximo 4 puntos):

Valoraranse o impacto no centro de ensino da mobilidade a partir do expresado no proxecto de mobilidade de formación. Para esta valoración teranse en conta:

- A promoción de novos convenios con empresas ou centros de ensino do interese do departamento correspondente, para a realización da FCT do alumnado, de acordo ao proxecto presentado, sempre que estes cumpran cos criterios da convocatoria. Ata 2 puntos
- O seguimento de mobilidades de alumnado en curso non momento da realización da mobilidade 1 punto
- A participación nas convocatorias Erasmus+ de anos anteriores, dando prioridade ás persoas que non participaron nunha mobilidade de persoal no curso anterior e ampliar as oportunidades de participación. 1 punto

4. Criterios de desempate.

No caso de empate darase prioridade as persoas solicitantes que nunca participaron en mobilidades do Programa Erasmus+.

Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.

## 7 Solicitudes e prazo de presentación

O persoal interesado entregará a solicitude na secretaría do seu centro, **dende o 10 ao 14 de marzo de 2025** antes das 14:00h. O impreso de solicitude atópase no Anexo I desta convocatoria e o modelo de proxecto de formación no Anexo II

Xunto ao impreso de solicitude entregarase documentos acreditativos da competencia lingüística alegada, se é o caso.

## 8 Resolución de convocatoria

---

O comité de selección de cada centro baremará as solicitudes presentadas.

Finalizado o proceso publicaranse na páxina web do centro, as actas da resolución provisional o día 20 de marzo, que comprenderá lista de adxudicacións, lista de espera e candidatos non aptos.

**Prazo de reclamacións** ata o 27 de marzo ás 14:00.

A **resolución definitiva** farase pública o día 28 de marzo na web dos centros.

Se por causa xustificada algún candidato/a seleccionado/a non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasarase a cubrir segundo a orde da listaxe de espera.

A percepción da bolsa de axuda adxudicada precisará de:

- Aprobación do desenvolvemento da mesma pola dirección.
- Unha vez a dirección aprobe a mobilidade deberá obter o permiso da inspección educativa.

A percepción do 20% restante da bolsa de axuda adxudicada precisará de:

- Cumprimentar e enviar a enquisa UE final da mobilidade (EU Survey).
- Entregar a certificación que acredite o desenvolvemento da mobilidade.
- Aportar un informe final co impacto previsto no Centro ou na labor docente.

## ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN MOBILIDADES FORMACIÓN

### CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE PERSOAL CICLOS SUPERIORES - PROXECTO 2023-1-ES01-KA131-HED-000120644

DATOS DO/A CANDIDATO/A						
Apelidos			Nome			
Enderezo						
Teléfono 1		Correo electrónico				
DNI	Data de nacemento	Nacionalidade				
Participación previa en mobilidades ERASMUS+ curso 23-24			NON <input type="checkbox"/>	SI <input type="checkbox"/>		
CURSO ACTUAL						
Centro			Antigüidade no centro			
IDIOMA DE TRABALLO						
Idioma acreditado:		NIVEL	C2 <input type="checkbox"/>	C1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	B1 <input type="checkbox"/>
INFORMACIÓN BÁSICA DO PROXECTO						
Nome da entidade						
Resumo / Obxectivo prioritario da formación						
Cidade e País		Distancia segundo calculadora Erasmus+		Mobilidade en terceiro país <input type="checkbox"/>		
Datas de realización						
DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA						
<input type="checkbox"/> Documentos acreditativos da competencia lingüística.						
FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE E SINATURA						
Pola presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ FP Superior Ourense – Europa N.º proxecto: 2023-1-ES01-KA131-HED-000120644 No caso de ser seleccionado/a, asumo a responsabilidade de realizar a estadia no centro de destino segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estadia.						
Sinatura			Data			
			Ourense a			

#### Comité de Selección de Mobilidades de persoal para formación - Ciclos Superiores

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Alumnado», regulado na Orde do 26 de marzo de 2012 (DOG do 4 de abril) desta consellería, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional -Secretaría Xeral Técnica-Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [sxt.educacion@xunta.gal](mailto:sxt.educacion@xunta.gal).



## Anexo II - PROXECTO DE MOBILIDADE

Datos da mobilidade: Entidade/empresa datas	
Obxectivos da actividade	
Descrición das actividades	
Valor engadido para o Centro e impacto na actividade docente e no ciclo formativo	
Resultados previstos e instrumentos de implementación	
Outras	